

ANEXO

Nº expediente	Empresa	Importe (€)	Data resolución
PR 852A 2008/001	Voz de Galicia Radio, S.A.	6.484	5-6-2008
PR 852A 2008/002	La Voz de Galicia, S.A.	966.750	5-6-2008
PR 852A 2008/006	Radio Vigo, S.A.	9.290	5-6-2008
PR 852A 2008/007	Interdix Galicia, S.L.	4.513	5-6-2008
PR 852A 2008/008	Canal Voz, S.L.	18.831	5-6-2008
PR 852A 2008/009	Radio Lugo, S.A.	9.620	5-6-2008
PR 852A 2008/010	Editorial La Capital, S.L.	112.550	5-6-2008
PR 852A 2008/011	Europa Press Delegaciones, S.A.	7.087	5-6-2008
PR 852A 2008/013	Faro de Vigo, S.A.U.	386.860	5-6-2008
PR 852A 2008/014	Diario El País, S.L.	151.045	5-6-2008
PR 852A 2008/015	Telecable Compostela, S.A.	3.622	5-6-2008
PR 852A 2008/016	Sociedad Española de Radiodifusión, S.A.	15.165	5-6-2008
PR 852A 2008/017	El Progreso de Lugo, S.L.	175.590	5-6-2008
PR 852A 2008/018	Editorial Compostela, S.A.	170.790	5-6-2008
PR 852A 2008/020	Radio Pontevedra, S.A.	9.943	5-6-2008
PR 852A 2008/021	Radio Coruña, S.L.	21.187	5-6-2008
PR 852A 2008/022	Radio Orense, S.A.	3.381	5-6-2008
PR 852A 2008/023	Radio Popular, S.A.	24.265	5-6-2008
PR 852A 2008/024	Uniprex, S.A.	11.332	5-6-2008
PR 852A 2008/025	Sigalicia Radio y Medios de Comunicación, S.A.	3.211	5-6-2008
PR 852A 2008/026	Sigalicia Radio y Medios de Comunicación, S.A.	3.405	5-6-2008
PR 852A 2008/027	La Opinión de La Coruña, S.L.	52.668	5-6-2008
PR 852A 2008/028	Lérez Ediciones, S.L.	83.747	5-6-2008

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 10 de xullo de 2008 pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2008-2009.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece a competencia plena desta comunidade autónoma para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, competencias que lle están atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos termos que figuran no artigo 2 do Decreto 114/1982, do 1 de setembro, sobre asunción de transferencias en materia educativa, e no artigo 1 do Decreto 585/2005, do 29 de decembro (DOG do 9 de xaneiro de 2006), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula as ensinanzas de idiomas que se imparten nas escolas oficiais de idiomas como ensinanzas de réxime especial, sendo un dos principais obxectivos o estudo dos idiomas europeos, así como o das linguas cooficiais do Estado. Esta lei establece nos artigos 59, 60, 61 e 62 que as ensinanzas de idiomas se organizarán en tres niveis: básico, intermedio e avanzado.

En consonancia co disposto no artigo 6.º da devandita lei, o Goberno fixou no Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, os aspectos básicos do currículo que constitúen as respectivas ensinanzas mínimas nos niveis intermedio e avanzado.

Pola súa parte, o Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina que o nivel avanzado das ensinanzas de idiomas se implantarán no ano académico 2008-2009 e deixarán de impartirse as ensinanzas correspondentes ao ciclo superior do primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, e por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Único.-Facer pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas a partir do curso escolar 2008-2009, segundo os datos que figuran no anexo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para tomaren as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro	Idiomas
A Coruña	A Coruña	15023132	EOI da Coruña	Alemán Chinés Francés Galego Inglés Italiano Árabe Español para estranxeiros Portugués Ruso Xaponés
A Coruña	Culleredo	15005749	Sección de Culleredo IES Cruceiro Baleares	Inglés
A Coruña	Carballo		Sección de Carballo	Francés Inglés Alemán
A Coruña	Cee	15003224	Sección de Cee IES Fernando Blanco	Inglés

Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro	Idiomas
A Coruña	Ferrol	15026546	EOI Ferrol	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués
A Coruña	Cedeira	15026376	Sección de Cedeira IES Punta Candieira	Inglés
A Coruña	Santiago de Compostela	15032194	EOI de Santiago de Compostela	Alemán Francés Galego Inglés Portugués Español para extranxeiros Italiano
A Coruña	Santiago de Compostela	15027319	Sección de Santiago IES do Sar	Inglés
A Coruña	Santiago de Compostela	15010812	Sección de Noia IES Virxe do Mar	Inglés Francés
A Coruña	Ribeira	15014568	Sección de Ribeira IES N°1	Inglés
A Coruña	Ordes	15027782	Sección de Ordes IES N°1	Inglés
Lugo	Lugo	27015955	EOI de Lugo	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués
Lugo	Monforte de Lemos	27016421	EOI de Monforte de Lemos	Alemán Francés Inglés Italiano
Lugo	Ribadeo	27020690	EOI de Ribadeo	Alemán Francés Inglés Italiano
Lugo	Viveiro	27020628	EOI de Viveiro	Alemán Francés Inglés Italiano
Ourense	Ourense	32016081	EOI de Ourense	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001725	Sección do Barco IES Lauro Olmo	Francés Inglés
Ourense	Verín	32013582	Sección de Verín IES García Barbón	Inglés
Ourense	O Carballiño	32015037	Sección do Carballiño IES Manuel Chamoso Lamas	Inglés
Pontevedra	Pontevedra	36018689	EOI de Pontevedra	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués
Pontevedra	Lalín	36004137	Sección de Lalín IES Ramón M° Aller Ulloa	Inglés Francés
Pontevedra	A Estrada	36002359	Sección da Estrada IES Antón Losada Diéguez	Inglés
Pontevedra	Pontevedra	36006729	Sección de Pontevedra	Inglés
			IES Valle Inclán	
Pontevedra	Vigo	36018941	EOI de Vigo	Alemán Chinés Francés Galego Inglés Italiano Español para extranxeiros Portugués Xaponés

Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro	Idiomas
Pontevedra	Vigo	36011798	Sección de Vigo IES Alexandre Bóveda	Francés Inglés
Pontevedra	Cangas	36019475	Sección de Cangas IES de Rodeira	Francés Inglés
Pontevedra	Tui	36009901	Sección de Tui IES San Paio	Francés Inglés Portugués
Pontevedra	Ponteareas	36013692	Sección de Ponteareas IES Val do Tea	Inglés
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36024598	EOI de Vilagarcía	Alemán Francés Inglés Portugués Italiano

Orde do 14 de agosto de 2008 pola que se subscriben e se modifican os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial, ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior.

A Orde do 10 de xaneiro de 2005 (DOG do 14 de xaneiro) ditou as normas para a aplicación, a partir do curso académico 2005-2006, do réxime de concertos educativos previstos na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos.

A Orde do 12 de xaneiro de 2007 (DOG do 17 de xaneiro) regulou o réxime de concertos educativos, a partir do curso académico 2007-2008, para as ensinanzas de educación infantil en centros docentes privados. Por outra banda, a disposición transitoria décima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu punto 3º establece que os concertos para os programas de garantía social referiranse a programas de cualificación profesional inicial.

Cumpridos todos os trámites previstos nas anteditas ordes do 10 de xaneiro de 2005 e do 12 de xaneiro de 2007 e tendo en conta a proposta formulada pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Modificar ou subscribir os concertos educativos aprobados polas ordes do 6 de xullo de 2007 (DOG do 23 de xullo) e do 8 de agosto de 2007 (DOG do 29 de agosto), modificadas polas ordes do 20 de decembro de 2007 (DOG do 2 de xaneiro de 2008) e do 21 de decembro de 2007 (DOG do 3 de xaneiro de 2008), cos centros docentes privados que se relacionan no anexo I desta orde e que terán unha duración dun (1) ano.